

Conservación de Aves en Galicia

*Actuacións para a conservación das nosas aves
desenvolvidas pola Sociedade Galega de Ornitoloxía,
para ser conservadas na memoria e aprender delas*

Boletín nº1

Caso de Conservación:

**Carreira de Trail no Monumento Natural, Lugar de Importancia
Comunitaria (LIC) e Espacio de Especial protección dos Valores
Naturais da Costa de Dexo (Oleiros, A Coruña)**

marzo e abril de 2011



Conservación de Aves en Galicia
é unha publicación dixital periódica
da Sociedade Galega de Ornitoloxía.

**Prégase a súa máxima difusión a todos os nosos lectores.
Gracias!**

Implicados no caso:

Organización da carreira:

- Sociedade de Montaña Ártabros www.artabros.org
- Clube Pico do Castro <http://www.clubpicodocastro.blogspot.com/>

Colaboradores e patrocinadores da carreira:

- Concello de Oleiros www.oleiros.org
- Coca – Cola BEGANO
- Decathlon
- GADISA

Administracións públicas:

- Servizo de Conservación da Natureza da Coruña –Dirección Xeral de Conservación da Natureza –Consellería de Medio Rural- Xunta de Galicia
- SEPRONA

Colectivos cidadáns:

- Sociedade Galega de Ornitoloxía www.sgosgo.org
- Amigos da TERRA
- Sociedade Galega de Historia Natural
- Verdegaia
- Grupo Naturalista Hábitat

I COSTA-TRAIL de OLEIROS "Seixo Branco"



Lugar: Parque da Laguna
de Mera (Mera-Oleiros)
Fecha: 03 abril 2011
Hora: 10:30 a.m.
Distancia: 18 Km.
Inscripción: 10€



Pico do Castro
Clube de Montaña



DECATHLON
Oleiros



www.atabros.org

Que pasou

Xoves 24 de marzo: A Sociedade Galega de Ornitoloxía ten coñecemento da realización da proba mediante un correo-e remitido por un terceiro a Sergio París (socio da SGO) e a asociación Amigos da Terra. Este correo, recibido ás 18:00 h, é remitido á SGO. Durante as horas e o día seguinte recábase información sobre a proba e decídense os pasos a seguir.

Sábado 26 de marzo: Ás 16:00 h remítese un correo a Ártabros, principal organizadora da proba, e a un membro de dita organización. Tendo en conta o escaso prazo de tempo existente e tratando polo tanto de aportar a maior información posible, os principais aspectos transmitidos son:

- Identifícanse as figuras de protección da costa de Dexo e os seus principais valores ambientais.
- Recoñécese a, en xeral, escasa magnitude das actividades deportivas de este tipo, así como o carácter en xeral respectuoso dos seus practicantes. Exprésase polo tanto o non posicionamento contrario á práctica deportiva sostible por parte da SGO.
- Explícanse posibles impactos da proba en concreto, derivados do pisoteo de hábitats prioritarios¹ en tramos nos que non se aproveitan camiños existentes, e das molestias a colonias de cría de especies protexidas, nun período crítico para a súa reprodución.
- Indícase a necesidade de autorización por parte da Dirección Xeral de Conservación da Natureza (DXCN), asumindo a súa existencia (a SGO non dubida que a autorización correspondente exista e fose correctamente tramitada)
- Asumindo a dificultade da suspensión ou aprazamento da proba a menos dunha semana da súa celebración, propónse unha modificación do trazado naqueles tramos nos que poden existir afeccións ambientais.
- A SGO ofrece a súa colaboración no deseño destas modificacións e en calquera outro aspecto que permita evitar problemas medioambientais durante a carreira.

¹ segundo cartografía relativa á distribución de hábitats da DC 92/43/CE na Rede Natura 2000 en Galicia, elaborada polo Laboratorio de Botánica e Bioxeografía do Instituto de Biodiversidade e Desenvolvemento Rural (IBADER)

- Achégase un croquis coa identificación das zonas conflitivas, co obxecto de poñelas en coñecemento da organización o antes posible.
- Reitérase a intención de colaborar coa organización, sinalando que as modificacións considéranse necesarias e que, en último termo, existe a posibilidade de informar á DXCN.
- Recoñécese o escaso prazo existente e as presas, pedíndose desculpas por elo.
- Finalízase solicitando algún contacto da organización para colaborar persoalmente o antes posible, proporcionándose ademais un contacto da SGO.

Luns 28 de marzo, 08:30 h: Recíbese resposta do membro de Ártabros, indicando que non ten relación coa organización da carreira e que remite o correo ao organizador e presidente de Ártabros, Fernando Cancelo. Non se recibe ningún tipo de comunicación no resto do día.

Luns 28 de marzo, 21:33 h: Tras cinco chamadas infrutuosas dende as 20:00 h (o horario de dispoñibilidade na oficina de Ártabros é de 20:00 a 22:00 h, segundo o indicado na súa web), consegue comunicarse con eles, solicitando falar con alguén da organización da carreira. Indícase que non hai ninguén dispoñible, que hai unicamente unha persoa encargada do evento e que non está dispoñible, indicando que tal vez estará na oficina o día seguinte a partir das 20:00 h.

Luns 28 de marzo, 21:47 h: Apurados pola necesidade de comunicar cos responsables o antes posible, insístese e chámase novamente ao teléfono de Ártabros. Colle o teléfono unha persoa distinta, indicando nesta ocasión que o organizador está de viaxe e probablemente non volverá ata o venres 1. O membro da SGO menciona o pouco tempo existente e pide que internamente se intente contactar con esta persoa para informalo do tema, darlle o contacto da SGO ou, co seu permiso, darlle o seu teléfono a esta organización para que realice o contacto. A resposta do interlocutor é que non pode facer nada.

Martes, 29 de marzo, 9:24 h: Remítese ao correo de Ártabros un arquivo .kmz con unha proposta de modificación do trazado. Esta proposta supón a modificación do trazado en 3 km dun total de 18, levando a carreira por pistas paralelas, a moi escasa distancia das orixinais e provocando unha variación final da súa lonxitude de tan só 250 m.

Martes, 29 de marzo, 12:04 h: Recíbese resposta de Fernando Cancelo, presidente de Ártabros e organizador da proba.

- Expón que o trazado da carreira percorre ao 100% a ruta de sendeirismo homologada PRG-87.
- Indica que a totalidade do trazado da carreira xa é visitado por unha cantidade elevada de persoas, opina que as medidas solicitadas son desorbitadas e que o impacto da carreira será nulo.

- Rexeita calquera outra comunicación, derivando as nosas “queixas” ao concello, ao que xa informaron.

Martes, 29 de marzo: Preséntase oficio (non denuncia) por rexistro ante o Servizo Provincial de Conservación da Natureza. Este texto é presentado por SGO, Amigos da Terra e SGHN e pode ser consultado en <http://www.sgosgo.org/archivos/costadexo.pdf>. Neste texto achégase información gráfica e cartográfica que permite identificar a desviación do trazado da carreira con respecto ao citado PRG-87, e localiza as colonias de aves mariñas e niños con respecto ao percorrido dos corredores (esta información non figura na copia do escrito dispoñible na anterior ligazón, co obxecto de non expor a localización dos niños).

Martes, 29 de marzo: Tendo en conta o escaso tempo dispoñible, paralelamente á presentación do oficio, a SGO comunica telefonicamente co Servizo Provincial de Conservación da Natureza, enviando copia do oficio vía correo electrónico.

Contáctase en primeiro lugar con Carlos González de Andrés, técnico do servizo, ao que se lle explica a situación. Inicialmente non ten claro se a actividade precisa autorización ou non², preguntándolle ao seu interlocutor se na costa de Dexo nidifican o airo (*Uria aalge*) ou a gaivota tridáctila (*Rissa tridactyla*). Tras comprobar que, efectivamente, o corvo mariño cristado (*Phalacrocorax aristotelis*) figura no Catálogo Galego de Especies Ameazadas, indica que o falcón peregrino (*Falco peregrinus*) non é unha especie protexida³, polo que non procede modificar o trazado por esta especie.

Finalmente, confirma a non existencia de autorización para a proba.

² Decreto 72/2004 polo que se declaran determinados Espazos como Zonas de Especial Protección dos Valores Naturais. Artigo 2.2: “A realización de actividades non previstas anteriormente (actividades tradicionais), e que poidan poñer en perigo os valores que xustifican a protección destes espazos requirirán autorización previa da Consellería de Medio Ambiente (actualmente Consellería de Medio Rural)”.

Decreto 101/2000 polo que se declara o Monumento Natural Costa de Dexo: o artigo 3 prohibe, entre outras, “todas aquelas accións que poidan supoñer-la destrución ou alteración dos hábitats naturais identificados na área como de especial interese ou prioritarios”. Segundo o artigo 5º, “A CMA instará á supresión de toda actividade que non dispoña da autorización preceptiva (...)”.

³ Especie incluída no Anexo IV da Lei 42/2007 do Patrimonio Natural e da Biodiversidade e no Anexo I da Directiva 2009/147/CE relativa á conservación das aves silvestres.

Esta directiva indica no seu artigo 4 que “as especies mencionadas no Anexo I serán obxecto de medidas de conservación especiais en canto ao seu hábitat, co fin de asegurar a súa supervivencia e a súa reprodución na súa área de distribución”, e no artigo 5 que “os estados membros tomarán as medidas necesarias (...) que incluírá, en particular, a prohibición de (...) perturbalos de forma intencionada, en particular durante o período de reprodución e de crianza”.

Ademais, esta especie está considerada en Réxime de Protección Especial segundo o Real Decreto 139/2001 para o desenvolvemento da Lista de especies silvestres en réxime de protección especial e do Catálogo español de Especies Ameazadas.

Ao longo dos días 29 e 30 de marzo mantéñense por parte da SGO distintas conversas co persoal e distintos cargos do Servizo Provincial e da DXCN. A administración non amosou interese en intervir no tema, hasta o momento no que se menciona unha posible nota de prensa, pasando entón a considerar que haberá que facer algo, pero sen concretar nada máis.

Mércores, 30 de marzo: A asociación Verdegaiá contacta tamén co Servizo Provincial, segundo comunicación de Diego Rodríguez Vieites en Galiciaves. Segundo día, nesta conversa, o Xefe de Servizo Provincial indica que o evento carece de permiso, e que os organizadores amósanse moi reacios a calquera contacto, negándose a proporcionar o teléfono móbil do responsable do acto deportivo. Medio Rural expresa que tentará unha xuntanza coa organización e as asociacións que desexen asistir, poñéndose en contacto coa SGO para concretar o día. Indican tamén que á organización da carreira se lle impondrá unha multa por realizar o acto sen permiso.

Nin a SGO nin no resto das asociacións se recibiu ningunha comunicación para concertar esa reunión, nin de calquera outro tipo.

Mércores 30 de marzo, 13:52 h: Emítase resposta ao correo recibido da presidencia de Ártabros, no que se tentan rebater os argumentos indicados no seu correo e se comunica que a administración ambiental foi informada da situación.

Mércores 30 de marzo, 16:09 h: Recíbese resposta da presidencia de Ártabros, indicando que estará dispoñible no teléfono da asociación a partir das 20:00 h.

Mércores 30 de marzo, 20:30 h: Conversa telefónica entre Sergio París da SGO e Fernando Cancelo, presidente de Ártabros. O representante da SGO da o punto de vista da SGO, indica a necesidade de modificar unicamente tres pequenos tramos do trazado, discúlparse polas presas coas que se encarou o problema e ofrece a súa colaboración, ofrecéndose a desprazarse dende Compostela ata A Coruña os vindeiros xoves ou venres para falar en persoa.

Fernando Cancelo rexeita esa posibilidade, indicando que o impacto sobre as aves será nulo, non maior que o que producen outros visitantes, e que non entende as protestas. Tras preguntarlle cales son os problemas reais da modificación dende o punto de vista da organización da proba, indica que o trazado xa está difundido e que hai corredores que xa foron a adestrar por alí.

Finalmente, tras explicar que a organización visitará a zona da carreira o sábado 2 de abril, facilita o seu teléfono móbil e indica ao representante da SGO que pode chamalo para verse e falar, sen especificar se se levarán a cabo as modificacións ou non.

Xoves 31 de marzo, 10:24 h: Volve a enviarse a proposta de modificación en formato dixital e en imaxe, nesta ocasión directamente á presidencia de Ártabros. Infórmase do envío dunha nota de prensa, indicando que no caso de existir contacto cos medios serán informados da xuntanza prevista para o sábado.

Xoves 31 de marzo, 10:40 h: Envíase nota de prensa, redactada dende o día anterior, aos medios de comunicación. Esta nota está asinada por SGO, SGHN, Amigos da Terra, Hábitat e Verdegaiá, e pode consultarse en <http://www.sgosgo.org/archivos/NprensaDexo.pdf>.

Xoves 31 de marzo, 20:47 h: Mediante un aviso no foro Galiciaves, convócase ao envío dun texto solicitando a modificación do trazado aos organizadores e patrocinadores da proba, así como á administración. Envíanse, en total, uns 50 correos ao longo do xoves, venres e sábado.

Venres 1 de abril, 00:35 h: Envíanse correos electrónicos ao tres patrocinadores da proba, informando das nosas preocupacións respecto da carreira. Ao longo do día recíbense as respostas de Gadisa e Decathlon a estes correos, mostrándose receptivos ás nosas preocupacións e comunicándonos a súa intención de transmitir esta preocupación aos organizadores da proba.

Venres 1 de abril, 08:56 h: Tras detectarse un erro na interpretación da nota de prensa por parte da axencia EFE, que confunde “trail” con “trial” e fala de carreira de motos nun espazo protexido (<http://www.efeverde.com/esl/contenidos/noticias/31-marzo-2011-11-39-00-ecologistas-denuncian-que-una-carrera-de-motos-danaria-un-espacio-protexido>), inmediatamente a SGO envía correos electrónicos á axencia EFE e La Voz de Galicia informando do erro e solicitando unha rectificación, que non se produce en ningún momento. A nova é publicada, ademais destes medios, en ABC e algún outro xornal electrónico. Semella que o erro xa fora difundido dende o día anterior vía twitter (<http://oleirostvi.blogspot.com/2011/03/las-cosas-de-internet.html>), o que provocou un acalorado debate en diversos foros de escalada.

Tamén se realizan contactos cos medios locais (OleirosTV e Radioleiros) que se fixeron eco da nova, así como co concello de Oleiros. Ás 12:46 envíase un correo electrónico á presidencia de Ártabros salientando que o erro procede de EFE e indicando onde consultar a nota orixinal.

Avanzada á mañá, parece xeneralizado (entre promotores, organizadores, medios afectados e locais, concello de Oleiros, foros de internet, etc.) o convencemento de que o erro na información publicada provén dunha falta de contraste da información por parte da axencia EFE e do resto de medios que a publicaron.

Venres 1 de abril: Tras a aparición da nova nos medios, a Consellería de Medio Rural emite unha nota de prensa sobre a carreira, que se celebrará nas parroquias oleirense de Dexo, Maianca e Serantes. Dita nota pode consultarse en http://www.xunta.es/notas-de-prensa?content=/Portal-Web/Contidos/Novas/nova_estandar11957.html.

A consellería informa da existencia dunha reunión cos organizadores e SEPRONA, á que non acudiron as entidades ecoloxistas. Como se comentou con anterioridade, non temos constancia de ningunha comunicación para a convocatoria desta reunión.

Froito deste encontro, e dacordo coas instrucións técnicas sobre “Actividades deportivas organizadas que se desenvolven dentro ou fora dos espazos naturais protexidos” (instrucións que non foron mencionadas pola administración nos contactos do 29 de abril), foi imposta unha modificación do trazado da carreira entre Punta Purrido e Punta Roza, co obxecto de evitar molestias á colonia de corvo mariño cristado. Esta modificación coincide ao 100% coas zonas e colonias postas en coñecemento da administración polas entidades ecoloxistas.

Fixa ademais unha serie de obrigas para a organización, as cales forman parte do regulamento da proba dende a súa convocatoria a principios do mes de marzo.

A pesar de que se puxo no seu coñecemento a afección directa a hábitat prioritario e a unha parella nidificante de falcón peregrino (especie protexida, ver nota ao final do texto), a autorización emitida pola Consellería de Medio Rural non incluíu medidas de protección para estes elementos, aínda coñecendo a súa localización.

Venres 1 de abril, 21:30 h: Tras obter o seu número de teléfono, establécese contacto con Luís Casas, vogal do club de montaña Pico do Castro. Este amósase comprensivo coa solicitude de modificación, e indica a súa preocupación polo erro na información difundida.

Indica que Pico do Castro figura como organizador por ser un club radicado en Oleiros e como apoio a Ártabros, non tendo participado na práctica na organización da proba, que recaeu sobre Ártabros. Non coñecen nin o percorrido da carreira.

Sábado 2 de abril, 13:00 h: Un membro da SGO reúnese con Fernando Cancelo e Alfredo de Ártabros no entorno de Punta Purrido. Estes o informan sobre a modificación imposta por SEPRONA e DXCN, a cal veñen de realizar e rematar o balizamento. Indican que xa teñen balizado practicamente todo o percorrido.

A SGO segue a amosarse comprensivo cos problemas derivados do pouco prazo existente e intenta explicar a escasa incidencia das modificacións e a non intención de interferir negativamente na proba. Ártabros segue a considerar que se trata dun ataque á súa organización e que non van a realizar ningún tipo de molestia ás aves, nunha zona masificada segundo a súa opinión.

O membro da SGO explica o significado de “Hábitat prioritario” e a incidencia do pisoteo nunha zona na que non existe camiño oficial (Ártabros indica que existe un sendeiro de pescadores), amosando incluso unha mancha da invasora gramón (*Stenotaphrum secundatum*) presente na zona.

Saliéntase a existencia dunha pista paralela a apenas 50 m do trazado da proba, que permitiría evitar o pisoteo e non afectaría apenas o trazado da proba, solicitando que sexa empregada. Os representantes de Ártabros non fan ningún comentario no senso contrario.

Posteriormente achéganse á zona do niño de falcón peregrino. A SGO solicita que suban o trazado a unha pista situada a uns 50 m do acantilado, durante un tramo de 200 m. Indican as dificultades que

supón pola necesidade de colocar unha persoa no cruce, ao que se ofrece o representante da SGO. Ártabros négase.

Finalmente, atopan un sendeiro que transcorre a uns 20 metros do cantil, unha situación non óptima pero que acepta o representante da SGO. Os representantes de Ártabros expresan que o sendeiro é válido para a carreira, dando a súa conformidade explícita coa proposta. Deciden dirixirse en primeiro lugar a esa zona despois de comer, para proceder á modificación do balizado. O membro da SGO ofrécese a axudalos, ao que volven a negarse.

Domingo, 3 de abril: Ten lugar a proba. Contrariamente ao acordo alcanzado na tarde anterior, a carreira percorre o trazado inicial, a menos de 5 m do niño de falcón peregrino. Ponse en coñecemento do SEPRONA, que indica que non pode levantar atestado xa que se adapta ao indicado na autorización oficial, independentemente dos acordos alcanzados entre organizacións. Os corredores tamén atravesan superficies consideradas como hábitat prioritario sen camiño ou sendeiro existente.

Finalmente, xa na liña de meta o membro da SGO pregunta ao presidente de Ártabros polo incumprimento do acordado, obtendo a resposta de que estiveron balizando toda a tarde e que se lles fixo noite, polo que non lles deu tempo.

O caso en fotos



Niño de corvo mariño con pitos, a comezos do mes de abril de 2009. Durante os seus primeiros días de vida, os pitos non son capaces de regular a súa temperatura corporal por si mesmos, polo que un abandono temporal prolongado dos proxenitores pode chegar a ser fatal. Este niño, xunto con outros próximos, atópase a moi escasos metros do sendeiro, dende onde foi tomada a fotografía.



Corvo mariño cristado na súa colonia de cría na costa de Dexo.



Vista parcial dunha colonia de corvo mariño cristado na costa de Dexo, a finais de marzo de 2011.
Estes niños localízanse a poucos metros do trazado da carreira. As aves estiran os pescozos alertados pola presenza dun único observador nas inmediacións da colonia.



Fotografía tomada dez días antes da carreira. Un corvo mariño constrúe o seu niño mentres outro xa iniciou a posta. Molestias prolongadas poden supor a perda da posta ou o abandono do niño por parellas aínda non establecidas. A carreira estaba prevista xusto na vertical destes niños, uns dez metros por enriba.



Colonia de corvo mariño cristado. A carreira estaba prevista por un sendeiro xusto ao bordo do acantilado.



Parte do trazado da carreira, marcado con cintas de plástico. O sábado 2 de abril, A SGO e os organizadores chegaron ao acordo de cambiar o trazado para levar a carreira polo sendeiro da esquerda durante un tramo aproximado de 500-1.000 metros.



Domingo 3 de abril. Contrariamente ao acordado o día anterior, a carreira percorre o trazado orixinal, literalmente pegado ao bordo do acantilado.



En Montemeán os participantes correron directamente sobre unha zona de vexetación costeira na que existen hábitats considerados prioritarios. A 100 m existe unha pista que a organización negouse a empregar.



As últimas unidades da carreira cruzan Montemeán. O efecto do pisoteo de mais de 200 pesoas sobre a vexetación é evidente. Pese a tratarse dunha carreira a pé, esta foi seguida por un bo número de ciclistas.

ANEXOS

- **Nota de Prensa**
- **Escrito remitido pola Sociedade Galega de Ornitoloxía á Consellería de Medio Rural da Xunta de Galicia**

NOTA DE PRENSA, CO ROGO DA SÚA MÁXIMA DIFUSIÓN

O TRAZADO DUNHA CARREIRA DE TRAIL AMEAZA UNHA IMPORTANTE COLONIA DE AVES NO MONUMENTO NATURAL DA COSTA DE DEXO, EN OLEIROS

A carreira terá lugar o vindeiro 3 de abril. Solicitouse, sen conseguilo até o momento, a modificación do trazado da proba, que só afectaría a 3 km do total de 18. Desta maneira evitaríase unha grave afección ós niños das aves, neste momento ocupados por estaren en plena tempada de cría.

Diversas organizacións ecoloxistas e conservacionistas de Galicia puxéronse en contacto cos organizadores da proba, así como co Concello de Oleiros e os responsables de Conservación da Natureza da Consellería do Medio Rural.

Os organizadores (o Clube de Montaña Ártabros e o Clube Pico do Castro) non solicitaron permiso para a realización da proba no espazo natural protexido, declarado Monumento Natural e Lugar de Importancia Comunitaria (LIC – Natura 2000), segundo estas organizacións conservacionistas puideron confirmar por parte dos responsables da Consellería de Medio Rural.

O próximo domingo 3 de abril celebrarase o “I Costa-Trail de Oleiros “Seixo Branco”, competición deportiva de carreira de montaña organizada pola S.M. Ártabros en colaboración co Clube Pico do Castro de Oleiros. Diversas asociacións adicadas ó estudo e a protección do medio ambiente en Galicia alertan do posible impacto que esta competición deportiva podería ter sobre unha das principais colonias de aves mariñas de Galicia.

Esta proba percorrerá o espazo Rede Natura 2000 e Monumento Natural Costa de Dexo, no cal se localiza unha das principais colonias galegas de **corvo mariño cristado**, probablemente a de maior importancia de cantas existen no continente (é dicir, fóra das nosas illas). O corvo mariño cristado é unha **especie ameazada** que está experimentando un acentuado declive poboacional nos últimos anos, o que o ten levado a estar **considerado como en perigo de extinción no “Libro Rojo de las Aves de España (Ministerio de Medio Ambiente, Medio Rural y Marino)” e protexido legalmente a través do Catálogo Galego de Especies Ameazadas, que o considera como vulnerable.**

Esta proba, na que está prevista a participación de 200 corredores máis persoal da organización e público, **percorrerá, tal e como está actualmente deseñada, a primeira liña de costa, a menos de 20 m dun número elevado de niños de corvo mariño cristado e en pleno periodo de cría desta especie e outras especies protexidas presentes na zona**, provocando unhas molestias que poderían supor o abandono dun número elevado de niños nun periodo crítico de eclosión e desenvolvemento dos pitos.

Durante parte do seu percorrido, a carreira alónxase dos camiños que conforman a ruta de sendeirismo existente na zona, chegando a aproveitar terreos afectados por un lume ocorrido en 2010 e a afectar a hábitats prioritarios segundo a Directiva 43/92/CEE ou Directiva Hábitats.

As entidades denunciantes, que asumen e lamentan o escaso prazo de tempo existente até a data de celebración, **non se opoñen a este tipo de actividades deportivas realizadas dunha maneira regulada**, por consideralas sostibles e realizadas por persoas xeralmente respectuosas co medio. **Non obstante, consideran que a data de realización da proba é inaxeitada, máis tendo en conta que non se ten constatado a existencia de**

ningún tipo de autorización por parte da administración para a súa realización. Por este motivo, as asociacións asinantes puxéronse en contacto coas entidades organizadoras e coa administración co obxectivo de solicitar que o percorrido transcorra a unha maior distancia dos niños das aves e se evite o pisoteo de hábitats prioritarios.

En concreto, solicítouse a modificación de tan só tres pequenos treitos dunha lonxitude aproximada de 3.000 metros, realizando unha proposta de trazado alternativo. Desta maneira, a variación na lonxitude final do percorrido sería de só 250 m, nunha proba dunha lonxitude total aproximada de 18 km. **Até o momento a organización no se ten mostrado receptiva ante estas propostas.**

Por último, queremos subliñar que este caso pon en evidencia a urxente necesidade dunha ordeación, xestión e regulación de usos nos espazos naturais protexidos galegos, que permita compatibilizar a conservación e posta en valor dos seus valores co su uso público e o desenrolo sostible da poboación local.

Máis información:

- Escrito pola SGO no rexistro da Consellaría do Medio Rural, que inclúe a proposta dun trazado alternativo: <http://www.sgosgo.org/archivos/costadexo.pdf>

- Páxina web da S.M. Ártabros co anuncio da proba, patrocinada por Coca-Cola, Decathlon e GADISA: <http://artabros.org/2011/03/i-costa-trail-de-oleiros-seixo-branco-2/#comments>

Contactos:

Sergio Paris (SGO) 676878877

Montse Valencia (Amigos da Terra) 986125171

Serafín González (SGHN) 626595593

Diego R. Vieites (Verdegaia) 670784919

Antón Vázquez (G.N. Hábitat) 679702800

Organizacións asinantes:

Sociedade Galega de Ornitoloxía (SGO), Amigos da Terra, Sociedade Galega de Historia Natural (SGHN), Verdegaia e Grupo Naturalista Hábitat.



A/A. do Xefe do Servizo de Conservación da Natureza da Delegación Provincial da Coruña (Dirección Xeral de Conservación da Natureza- Consellería de Medio Rural (Praza Luis Seoane, s/n. Edificio Servicios Múltiples-Monelos; 15008 - A Coruña)

ASUNTO: Competición deportiva no Monumento Natural Costa de Dexo (Oleiros-A Coruña)

D. Óscar Rivas López, secretario da Sociedade Galega de Ornitología (en diante SGO), con enderezo a efectos de notificación no apartado de correos 581, 15780 Santiago de Compostela, A Coruña.

EXPÓN:

PRIMEIRO: Que o vindeiro día 3 de abril terá lugar o “I Costa-Trail de Oleiros “Seixo Branco”, competición deportiva de carreira de montaña organizada pola S.M. Ártabros en colaboración co Club Pico do Castro de Oleiros (información na web <http://artabros.org/2011/03/i-costa-trail-de-oleiros-seixo-branco-2/>)

O número de participantes previstos ascende a 200, aos que hai que engadir membros da organización, localización de puntos de avituallamiento, público, etc.

Esta carreira percorrerá a práctica totalidade da extensión da Costa de Dexo, espazo declarado Monumento Natural, Lugar de Interese Comunitario e Zona de Especial Protección dos Valores Naturais polas disposicións normativas correspondentes:

- Decreto 101/2000, do 31 de marzo, polo que se declara Monumento Natural a Costa de Dexo (DOG, nº 89, de 10 de maio de 2000)
- Decreto 72/2004, de 2 de abril, polo que se declaran determinados espazos como Zonas de Especial Protección dos Valores Naturais (DOG, nº 69, de 12 de abril de 2004)
- Decisión da Comisión de 7 de decembro de 2004 pola que se aproba, de conformidade coa Directiva 92/43/CEE do Consello, a lista de lugares de importancia comunitaria da rexión biogeográfica atlántica.

SEGUNDO: A declaración como Espazo Natural Protexido foi motivada principalmente pola existencia de hábitats costeiros nun bo estado de conservación e pola presenza de colonias de aves mariñas e rupícolas de interese.

Neste senso, na franxa costeira atopamos un mosaico dos hábitats de interese comunitario 1230 Acantilados con vexetación das costas atlánticas e bálticas e 4030 breixeiras secas europeas, e o hábitat prioritario 4020* breixeiras húmidas atlánticas de zonas temperadas de *Erica ciliaris* e *Erica tetralix*.

No referente á avifauna presente na zona, cobra especial relevancia a poboación reprodutora de corvo mariño cristado *Phalacrocorax aristotelis*, especie considerada VULNERABLE no Catálogo Galego de Especies Ameazadas e EN PERIGO DE EXTINCIÓN no Libro Rojo de las Aves Reproductoras de España. O censo da poboación reprodutora na Costa de Dexo o ano 2010 ascendeu a unha cantidade de 59 parellas (Barros, datos inéditos; París, datos inéditos). Esta cifra debe ser considerada actualmente como mínimo, xa que non se inclúe un núcleo reprodutor localizado no ano 2011 nin o núcleo existente na próxima costa de Sada, parte da mesma poboación. Desta maneira o censo final situaríase con toda probabilidade nas 65-70 parellas.

Desta maneira, se consideramos globalmente a poboación da Costa de Dexo (e excluindo as Illas Atlánticas) atopámonos ante un dos tres principais núcleos reprodutores da especie en Galicia (Velando, datos inéditos), tratándose ademais da poboación non insular de maior importancia da Comunidade Autónoma, e probablemente incluso a nivel peninsular.

Ademais, e entre outras especies de interese, nos cantís deste tramo costeiro localízanse varias parellas de aves rapaces como o lagarteiro *Falco tinnunculus* e o falcón peregrino *Falco peregrinus*.

TERCEIRO: O trazado do “I Costa-Trail de Oleiros “Seixo Branco” (dispoñible na ligazón sinalada anteriormente e no anexo fotográfico adxunto a este documento) percorre parte dos sendeiros costeiros existentes ao longo do espazo protexido, moi próximo ao bordo costeiro e ocupando practicamente toda a fachada costeira (incluso aproveitando unha área queimada en 2010 para abandonar o camiño principal e aproximarse mais á costa)

Este feito supón unha serie de potenciais impactos sobre os valores de conservación do Monumento Natural:

- O paso dun elevado número de corredores, público, organización, por sendeiros costeiros de pequena anchura e atravesando hábitats de interese comunitario ou prioritarios, aínda confiando na boa predisposición e respecto polo medio dos participantes, suporá inevitablemente o pisoteo e degradación de ditas formacións vexetais no entorno do trazado. Débese ter en conta ademais a problemática existente na Costa de Dexo coa flora invasora. A presenza da unlla de gato *Carpobrotus edulis* e o gramón *Stenotaphrum secundatum* supón unha ameaza para ditos hábitats, cuxa superficie vese progresivamente reducida pola extensión das manchas de estas invasoras. O pisoteo e degradación reiterada das breixeiras e pastizais aerohalófilos supón un incremento do risco de extensión destas especies.
- Pese a aproveitar na súa maior parte o sendeiro existente, o trazado deseñado na vertente sur de Montemeán afecta directamente ao mosaico de hábitats existente, non existindo un

camiño definido para seguir polos participantes. O pisoteo indiscriminado por un número elevado de corredores pode supor un impacto elevado sobre brexeiras e pastizais costeiros nun bo estado de conservación. Esta zona é unha das de maior naturalidade do espazo e cun menor uso público na actualidade.

- Varias partes do trazado localízanse xusto no límite dunha parte da colonia de corvo mariño cristado. Na zona afectada reproducíronse no ano 2010 17 parellas desta especie. Na primeira visita de censo do 2011, realizada en data 18 de marzo, localizáronse 20 parellas asentadas, na súa inmensa maioría con niño construído e xa incubando. Na data de realización da proba atopárase a maior parte das parellas nos últimos días de incubación ou primeiros días de vida dos pitos, nos cales a súa dependencia dos proxenitores é total, ao non poder termorregular por si mesmos (polo que un abandono temporal prolongado do niño por parte dos adultos pode ser fatal)

A distancia media entre o trazado da carreira e a bordo superior do cantil no que se localizan estes niños é de 15-20 m, localizándose algún deles a apenas 5 m do sendeiro (considerando sempre distancias horizontais).

- Ademais da colonia de corvo mariño cristado afectada, a unha distancia similar (15-20 m entre o bordo superior do cantil ocupado polo niño e o sendeiro) localízanse dous niños de lagarteiro e un niño histórico de falcón peregrino, especialmente sensible pola excesiva proximidade ao trazado da carreira. Tanto este territorio como un dos niños de lagarteiro están ocupados e en pleno proceso de cría na actualidade, mentres que o segundo territorio de lagarteiro será ocupado con probabilidade en vindeiras datas, tendo sacado tres polos no ano 2010.

Consideramos que a localización destes territorios, facilitados á Administración para o seu coñecemento e para documentar este escrito, non deberían ser feitos públicos, co fin de evitar posibles molestias ou expolios do seu contido.

No Anexo Fotográfico deste escrito preséntase a localización das colonias mencionadas con respecto ao trazado da carreira.

CUARTO: A realización desta actividade require da preceptiva autorización da Dirección Xeral de Conservación da Natureza, ao abeiro do artigos 2 do Decreto 72/2004, do 2 de abril, polo que se declaran determinados Espazos como Zonas de Especial Protección dos Valores Naturais e dos artigos 3 e 5 do Decreto 101/2000 polo que se declara Monumento Natural a Costa de Dexo.

Descoñecemos a existencia de dita autorización.

QUINTO: A SGO non se posiciona en contra da realización de actividades deportivas como a carreira prevista. A Costa de Dexo é habitualmente empregada por un bo número de atletas, cicloturistas,

paseantes, etc, que, aínda dunha maneira non regulada, danlle ao espazo un uso sostible e compatible coa conservación dos seus valores.

Consideramos que un uso público deportivo, non motorizado e respectuoso co medio é unha maneira válida de achegar á sociedade ao medio natural, sempre que se realice cunha serie de cautelas, con cargas aceptables e tendo en conta parámetros ambientais.

SEXTO: Non entanto, e reiterando o expresado no punto anterior, consideramos que a realización desta competición nas condicións previstas suporá un impacto significativo dos valores ambientais da zona, no relativo á degradación de hábitats naturais e, especialmente, graves molestias ás poboacións de especies protexidas, nun período crítico para a súa reprodución.

A realización de carreiras de competición nun espazo natural protexido, mais aló da práctica deportiva lúdica a escala individual ou en pequenos grupos, supón unha elevada carga de visitantes (corredores, público, organización), ruído, lixo, acceso a zonas valiosas e outros impactos que se alonxan da finalidade da protección de espazos como a Costa de Dexo.

En virtude do exposto, asumindo o escaso prazo existente e reiterando a nosa confianza no carácter respectuoso co medio da organización e participantes na proba, **SOLICITAMOS**

- 1- Que se condicione a autorización da competición a unha modificación substancial do trazado da carreira, co obxectivo de minimizar os posibles impactos sobre os hábitats de interese comunitario e prioritarios, así como as importantes molestias á poboación reprodutora das especies mencionadas en pleno período de cría, co conseguinte risco de abandono dos niños.
- 2- A adopción por parte da Administración e das entidades organizadoras de todas aquelas medidas precisas para minimizar ditos impactos.
- 3- Que para a autorización da carreira en posibles futuras edicións se teñan especialmente en consideración a protección dos valores naturais do espazo natural, procedendo á non autorización ou á consideración de outras alternativas de localización no caso de concluírse a persistencia dos impactos definidos neste escrito.

A SGO ponse á disposición da Administración e, especialmente, das entidades organizadoras, co obxecto de colaborar e consensuar de maneira inmediata un trazado que permita compatibilizar a conservación do medio ambiente local coa realización desta actividade deportiva dunha maneira sostible.

Por último, queremos salienta que este caso pode ser considerado un exemplo que pon en evidencia a urxente necesidade dunha ordenación, xestión e regulación de usos nos espazos naturais protexidos galegos, que permita compatibilizar a conservación e posta en valor dos seus valores co seu uso público e o desenvolvemento sostible da poboación local.

En Santiago de Compostela, a 29 de Marzo de 2011.

Asinado,

Óscar Rivas López

Secretario da SGO